XUICES para a DEMOCRACIA

ESTA ACTA VA SEGUIDA DE COPIA EN CASTELLANO.

Xuntanza da Sección territorial de GALICIA
4 de xullo de 2009.

Asisten á xuntanza Teruca Conde, Dalila Dopazo, Celeste Ameneiro, Raquel Fernández, Luciano Varela, Alfonso Villagómez e Luís Villares. Xustifican a súa ausencia Miguel Aramburu, Javier Menéndez, Fernando Cabezas, Belén Martínez e Carlos López Kéller.

Os puntos tratados son os seguintes.

1. **Valoración do congreso**.

Por parte dos asistentes (Dalila e Luís) valórase o congreso como unha oportunidade perdida para acometer unhas reformas que eran necesarias para a asociación e para facer fronte aos tempos que nos toca vivir dentro da carreira. Outras dúas compañeiras que asistían por vez primeira (Celeste e Raquel) tamén amosan unha certa decepción polo conclave, do que esperaban máis.

Valórase negativamente a forma en que articulou o traballo en comisións, pois se impediu aos compañeiros o debate sobre parte dos temas, e conclúese que non se cumpriu correctamente o mandato do Comité permanente cando formulou como se había de desenvolver o congreso. Tamén se criticou o sistema de traballo precongresual, porque non deu resposta ás inquedanzas que se amosaron no Comité e non permitiron que o Congreso dese resposta aos problemas que a asociación tiña que abordar.

2. **Elección de coordinador/a.**

Só se presentou para a responsabilidade Luís Villares, coordinador actual. Luciano considera que só se debe escoller coordinador logo dun congreso electivo, pero en opinión de Luís os estatutos din que debe ser logo de cada congreso e que en todo caso é mellor elixir de máis que de menos. Os presentes referendan ao coordinador actual por outro ano máis.

3. **Planificación de actividades para o curso 2009-2010**.

a. Cursos e xornadas.

Luís dá conta da carta enviada ao Conselleiro para solicitar a primeira de dúas reunións que se pretenden levar a cabo, a primeira para coñecer as prioridades en xustiza do novo goberno e a segunda para lle presentar a nosa liña de traballo, e o seu posible encaixe dentro das prioridades. A día da xuntanza aínda non se recibiu resposta do Conselleiro.

Dalila e Luciano apuntan como actividade a desenvolver o curso sobre sinistralidade laboral acordado o ano pasado e que non se chegou a materializar por falta de tempo e acordan retomalo para que as xornadas teñan lugar no último trimestre do ano.

Luís recorda a posibilidade xa apuntada o ano pasado dunha xornada dirixa sobre todo a xuíces en primeiro destino, pero tamén para maxistrados, sobre formación en administración electoral, polas carencias que ás veces se ven cando temos que exercer estas funcións. Acórdase estudar a proposta durante o curso que vén, se ben como non hai eleccións á vista non se considera prioritario.

Dalila e Luís apuntan a posibilidade de realizar unha xornada sobre dereitos lingüísticos na administración de xustiza, á vista do debate público que está a haber na sociedade sobre o uso das linguas e o seu marco legal. Acórdase retomar a iniciativa en función de como siga o debate á volta do verán.

b. Eleccións á Sala de goberno.

Este outono serán as eleccións á sala de goberno. Acórdase iniciar un traballo en doble sentido:

a. ***redacción dun programa electoral***, que recollería os postulados xerais da nosa asociación para a administración de xustiza, e unha serie de propostas concretas que respondan ás concretas necesidades que ten a xustiza en Galicia. Neste sentido recórdase que hai cinco anos xa se fixera un programa para as anteriores eleccións, que Teruca e Luciano se comprometeron a achegar como documentos a ter en conta na redacción do novo, se é que o atopan no baúl dos recordos.. Acórdase tamén abrir un período de achegas de idea de todos os compañeiros/as para facer este documento;
b. ***confección da candidatura***, que debería responder aos criterios de presenza territorial de todas as provincias, así coma de todas as ordes xurisdicionais. Barállanse varios nomes, sobre todo dos que non están presentes, para que non podan protestar pola súa inclusión.. Acórdase tamén aquí abrir un prazo para postularse para a lista, e encárgase ao coordinador que vaia sondeando que xente podería/estaría disposta a ir na lista (así que xa sabedes, en calquera momento vos pode tocar..)

Sen haber máis asuntos que tratar, érguese a sesión ás 18 horas, logo de nos desexar feliz verán a todos.

Reunión de la Sección territorial de 4 de julio de 2009.

Asisten a la reunión Teruca Conde, Dalila Dopazo, Celeste Ameneiro, Raquel Fernández, Luciano Varela, Alfonso Villagómez y Luís Villares. Justifican su ausencia Miguel Aramburu, Javier Menéndez, Fernando Cabezas, Belén Martínez y Carlos López Kéller.

Los puntos tratados son los siguientes.

1. Valoración del congreso.

Por parte de los asistentes (Dalila y Luis) se valora el congreso como una oportunidad perdida para acometer unas reformas que eran necesarias para la asociación y para hacer frente a los tiempos que nos toca vivir dentro de la carrera. Otras dos compañeras que asistían por vez primera (Celeste y Raquel) también muestran una cierta decepción por el cónclave, del que esperaban más.

Se valora negativamente la forma en que articuló el trabajo en comisiones, pues se impidió a los compañeros el debate sobre parte de los temas, y se concluye que no se cumplió correctamente el mandato del Comité permanente cuando formuló como se debía de desarrollar el congreso. También se criticó el sistema de trabajo precongresual, porque no dio respuesta a las inquietudes que si mostraron en el Comité y no permitieron que el Congreso diese respuesta a los problemas que la asociación tenía que abordar.

2. Elección de coordinador/a.

Sólo se presentó para la responsabilidad Luís Villares, coordinador actual. Luciano considera que sólo se debe escoger coordinador luego de un congreso electivo, pero en opinión de Luis los estatutos dicen que debe ser después de cada congreso y que en todo caso es mejor elegir de más que de menos. Los presentes refrendan al coordinador actual por otro año más.

3. Planificación de actividades para el curso 2009-2010.

a. Cursos y jornadas.

Luis da cuenta de la carta enviada al Conselleiro para solicitar la primera de dos reuniones que se pretenden llevar a cabo, la primera para conocer las prioridades en justicia del nuevo gobierno y la segunda para presentarle nuestra línea de trabajo, y su

posible encaje dentro de las prioridades. A día de la reunión aún no se recibió respuesta del Conselleiro.

Dalila y Luciano apuntan como actividad a desarrollar el curso sobre siniestralidad laboral acordado el año pasado y que no se llegó a materializar por falta de tiempo y acuerdan retomarlo para que las jornadas tengan lugar en el último trimestre del año.

Luis recuerda la posibilidad ya apuntada el año pasado de una jornada dirigida sobre todo a jueces en primer destino, pero también para magistrados, sobre formación en administración electoral, por las carencias que a veces se ven cuando tenemos que ejercer estas funciones. Se acuerda estudiar la propuesta durante el curso que viene, si bien como no hay elecciones a la vista no se considera prioritario.

Dalila y Luis apuntan la posibilidad de realizar una jornada sobre derechos lingüísticos en la administración de justicia, a la vista del debate público que está habiendo en la sociedad sobre el uso de las lenguas y su marco legal. Se acuerda retomar la iniciativa en función de como siga el debate a la vuelta del verano.

b. Elecciones a la Sala de gobierno.

Este otoño serán las elecciones a la sala de gobierno. Se acuerda iniciar un trabajo en doble sentido:

a. redacción de un programa electoral, que recogería los postulados generales de nuestra asociación para la administración de justicia, y una serie de propuestas concretas que respondan a las concretas necesidades que tiene la justicia en Galicia. En este sentido se recuerda que hace cinco años ya se había hecho un programa para las anteriores elecciones, que Teruca y Luciano se comprometieron a aportar como documentos a tener en cuenta en la redacción del nuevo, si es que lo encuentran en el baúl de los recuerdos.. Se acuerda también abrir un período de aportaciones de idea de todos los compañeros/as para hacer este documento;

b. confección de la candidatura, que debería responder a los criterios de presencia territorial de todas las provincias, así como de todas las órdenes jurisdiccionales. Se barajan varios nombres, sobre todo de los que no están presentes, para que no puedan protestar por su inclusión.. Se acuerda también aquí abrir un plazo para postularse para la lista, y se encarga al coordinador que vaya sondeando qué gente podría/estaría dispuesta a ir en la lista (así que ya sabéis, en cualquier momento os puede tocar..)

Sin haber más asuntos que tratar, se levanta la sesión a las 18 horas, después desearnos feliz verano a todos.